

Expediente IET: P-20-193
Proxecto: Parque eólico Solpor
Concellos: Mesía e Ordes (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 20/12/2021 a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Solpor.

1. Antecedentes:

Con data do 06/05/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha adecuada integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (R-LPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do R-LPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Solpor, de 24 MW, composto por 5 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora, edificio de control e torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 4,8 MW de potencia



nominal, unha altura de buxa de 120 metros, e 155 metros de diámetro de rotor. A torre meteorolóxica acadará unha altura de 132 metros. Proxéctase unha rede de camiños cunha lonxitude total de 6.151 metros, dos cales 3.921 metros correspóndense con pistas existentes e 2.230 metros serán accesos de nova construción. Para a evacuación da enerxía do parque, proxéctase unha liña eléctrica de 132 kV con unha lonxitude de 709,57 metros e soportada por 6 apoios, que partirá do pórtico da SET PE Solpor e finalizará no apoio 18 da LAT 132 kV SET PE Gasalla- SET Colectora Mesón do Vento.

O proxecto presenta modificacións respecto ao informado o 06/05/2020, sendo as máis salientables a redución do número de aeroxeradores (pasando de 7 a 5) e o cambio nas dimensións dos mesmos, aumentando o diámetro de rotor (anteriormente 136 metros) e diminuíndo a altura da buxa (de 132 a 120 metros). Así mesmo, desprázanse as posicións dos aeroxeradores e a subestación coa conseguinte modificación da rede de camiños e gabias de cableado.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo VIII).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística Terra de Ordes.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, situándose a máis próxima, a AEIP-10-09 Monte do Xalo, a uns 11,5 km ao norte do aeroxerador SOL-01. Respecto aos miradoiros, os máis próximos localízanse a uns 7 km, e son os de Montes de San Nicolau, ao sur, e o Miradoiro de Monte Medela ao nordés. A ruta de sendeirismo PR-G 117 Ruta da Fraga aos Muíños, discorre próxima ás infraestruturas, sendo atravesada pola liña de evacuación entre os apoios nº 5 e 6. Así mesmo, en relación a outros valores recollidos no Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño Inglés) localízase ao oeste, en dirección norte-sur, a 1,5 km do aeroxerador máis próximo.

Os aeroxeradores distribúense por unha zona de relevo ondulado con elevacións de pendentes suaves, nunha contorna rural de carácter agrario conformada por un mosaico de parcelas de prados e cultivos forraxeiros intercalándose manchas boscosas de especies de repoboación, eucaliptos e piñeiros. A vexetación autóctona aparece asociada ás beiras dos ríos e regatos, e formando pequenos bosquetes mesturados coas especies de repoboación. Os cursos fluviais que drenan este territorio son o rego do Cabo, o río Buxán e o seu afluente o rego Castrexo, o río Traveso co seu tributario río de Cerdeiros, e o rego de Illó, pertencen á bacía do Tambre. A poboación da contorna distribúese en pequenos núcleos rurais rodeados polas terras de labor. A principal vía de comunicación é a Autoestrada do Atlántico (E-1/AP-9), atravesando o seu trazado, cunha dirección norte-sur, entre as localizacións das máquinas SOL-04 e SOL-05. Outras vías próximas ao parque son a estrada nacional N-550, que discorre ao oeste, e as autonómicas AC-223 e AC-524, ao nordés e sur, respectivamente.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, descríbense as características principais do proxecto, analízase a calidade e fragilidade visual do ámbito, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores e da liña eléctrica de evacuación, realízase unha análise da visibilidade do proxecto apoiándose en fotografías e infografías tendo en conta as AEIP, os miradoiros, o Camiño de Santiago, a ruta de sendeirismo PR-G 117 Ruta da Fraga aos Muíños e os núcleos rurais e as vías de comunicación máis importantes. Finalmente, analízanse os impactos e se describen os criterios e as medidas preventivas e correctoras para acadar a integración paisaxística do proxecto.





As medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, pero deberán completarse de acordo co que se indica no punto 6 do presente informe.

Se ben o EIIP presentado inclúe en xeral os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto as directrices de paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, a torre meteorolóxica e os apoios da liña eléctrica de evacuación, en zonas elevadas dun territorio de relevos suaves, o que lle confire unha alta visibilidade nunha contorna de marcado carácter agrario.

Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, nin afecta a lugares de especial interese paisaxístico. No referente aos miradoiros citados no punto anterior, as infraestruturas do parque serán visibles dende os mesmos, non obstante a incidencia visual non será moi significativa. En relación á ruta de sendeirismo PR-G 177 Ruta das Fragas aos Muíños, e ao Camiño de Santiago (Camiño Inglés), os aeroxeradores terán unha incidencia visual alta, dada a distancia á que se sitúan e as súas dimensións, se ben a visibilidade verase en parte atenuada en aqueles tramos que discorren por pistas atravesando núcleos rurais, e que contan con vexetación arbórea nos bordes destes camiños.

Os principais impactos visuais virán derivados da distancia aos núcleos de poboación posto que existen distintos asentamentos localizados a menos dun quilómetro, como son os de Uzás, Faramilláns, A Ribeira ou Queiroa de Arriba (directriz de paisaxe DX.20.c). A incidencia visual sobre a autoestrada AP-9 tamén será alta ao localizarse os aeroxeradores SOL-04 e SOL-05 a curta distancia, 300 e 230 metros respectivamente, do seu trazado. Estes impactos veranse incrementados polo efecto sinérxico con outros proxectos eólicos no ámbito, xa que segundo a web do rexistro eólico de Galicia existen tres parques en tramitación nun radio de menos de cinco quilómetros.

6. Conclusión:

O proxecto vai a provocar un efecto sobre a paisaxe característico das instalacións eólicas, con incidencia visual sobre os núcleos rurais próximos ao parque, o Camiño de Santiago, o sendeiro PR G 177 Ruta das Fragas aos Muíños, e sobre a autoestrada AP-9. A incidencia visual verase agravada pola sinerxía con outros parques eólicos que se están a tramitar nas proximidades, algúns deles localizados a curta distancia do proxecto.

O EIIP deberá axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no Regulamento da Lei 7/2008, e nas Directrices de paisaxe, en concreto nos seguintes aspectos:

- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 "Disposicións de carácter xeral" das Directrices de paisaxe de Galicia.
- Debe ampliarse a descrición e xustificación dos criterios e as medidas que se prevé adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, de acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento da Lei 7/2008 e nas normas e recomendacións das



Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe destacar neste caso as seguintes:

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.
- Respecto ao edificio de control, debido ao tipo de edificación de que se trata, é dicir, instalación de infraestrutura eléctrica e tendo en conta a directriz de paisaxe DX.17.c.4, considérase máis axeitado para o seu acabado, empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen unha imaxe de calidade e a maior integración cromática e textural posible coa súa contorna. En calquera caso evitase o emprego de materiais que afecten negativamente á paisaxe pola súa cor, brillo ou similares. Non se deben empregar fábricas de ladrillo ou bloque de formigón sen revestir. Así mesmo, para atenuar a visibilidade da instalación, recoméndase a execución dunha pantalla vexetal no seu perímetro realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

